

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

16795 *Real decreto 1486/2009, do 26 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina.*

O Regulamento (CE) nº 21/2004, do Consello, do 17 de decembro de 2003, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina e se modifica o Regulamento (CE) nº 1782/2003 e as directivas 92/102/CEE e 64/432/CEE cuxa aplicación en España se regula polo Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina, foi modificado en dúas ocasións. A primeira modificación operouse mediante o Regulamento (CE) nº 1560/2007, do Consello, do 17 de decembro de 2007, polo que se modifica o Regulamento 21/2004 no que se refire á data de introdución da identificación electrónica de animais das especies ovina e caprina, cuxo contido, por razóns de seguranza xurídica, foi incorporado ao citado real decreto mediante a Orde APA/38/2008, do 17 de xaneiro, pola que se modifican determinadas datas do Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece o sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina. A segunda modificación constitúea o recente Regulamento (CE) nº 933/2008, da Comisión, do 23 de setembro de 2008, polo que se modifica o anexo do Regulamento (CE) 21/2004, do Consello, no que respecta aos medios de identificación dos animais e ao contido dos documentos de traslado.

Sen prexuízo da directa aplicación do citado Regulamento (CE) nº 933/2008 da Comisión, do 23 de setembro de 2008, cómpre adaptar diversos aspectos do Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, ao seu contido, en prol da necesaria seguranza xurídica.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector afectado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de setembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina.

O Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina, queda modificado como segue:

Un. O número 3 do artigo 4 substitúese polo seguinte:

«3. O identificador electrónico será un bolo ruminal. Non obstante, nos animais da especie ovina, e coa aprobación previa da autoridade competente, este bolo ruminal poderase substituír por unha marca auricular electrónica; e nos animais da especie caprina, e coa aprobación previa da autoridade competente, este bolo ruminal poderase substituír por unha das seguintes alternativas: unha marca auricular electrónica, unha marca electrónica na cuartela da extremidade posterior dereita ou un inxectable no metatarso dereito. Nestes casos en que o identificador electrónico non sexa o bolo ruminal, deberase incluír no documento de traslado dos animais o tipo de dispositivo e a súa localización exacta no animal.

Cando se autorice o uso dun identificador electrónico diferente ao bolo ruminal nos animais da especie ovina ou caprina, as autoridades competentes da comunidade autónoma informarán e comunicarán o tipo de identificador electrónico ao Comité Español de Identificación Electrónica dos Animais (CEIEA), establecido na Orde APA/2405/2002, do 27 de setembro, pola que se crea o Comité Español de Identificación Electrónica dos Animais.

Todo identificador electrónico deberá cumprir as características xerais recollidas na alínea C do anexo I. As características específicas do bolo ruminal defínense na alínea D do mesmo anexo, as do identificador electrónico inxectable defínense na alínea E, as da marca electrónica na cuartela na alínea F, e as da marca auricular electrónica na alínea G, sempre do citado anexo I. Non obstante, para aqueles animais destinados a intercambios intracomunitarios soamente serán válidos o bolo ruminal ou a marca auricular electrónica.»

Dous. O artigo 5 substitúese polo seguinte:

«Artigo 5. Excepcións.

1. Non obstante o disposto no artigo 4, os animais que se destinen a sacrificio antes dos 12 meses de idade dentro do territorio nacional poderanse identificar por medio dunha única marca auricular, aprobada pola autoridade competente, que se colocará, preferiblemente, na orella esquerda do animal, e que deberá cumprir coas características previstas na alínea B do anexo I.

2. Os animais que se destinen a intercambios intracomunitarios ou á exportación a países terceiros poderanse identificar excepcionalmente, ata o 31 de decembro de 2009, e logo de aprobación da autoridade competente, mediante unha dobre marca auricular coas características previstas na alínea A do anexo I.»

Tres. A disposición transitoria única pasa a denominarse «Disposición transitoria primeira».

Catro. Engádese unha nova disposición transitoria, segunda, co seguinte contido:

«Disposición transitoria segunda. Excepcións temporais.

1. As autoridades competentes poderán dispensar da identificación animal con medios electrónicos, ata o 31 de decembro de 2009, sempre que esta identificación non sexa recomendable por motivos fisiolóxicos, anatómicos ou zootécnicos. Esta autorización deberá ir acompañada dunha solicitude formulada polo titular da explotación, na cal deberá facer constar os motivos da dita excepción, e deberá ser comunicada ao Comité Español de Identificación Electrónica dos Animais (CEIEA).

2. Para os animais nados con anterioridade ao 31 de decembro de 2009, non será obrigatoria a indicación do código de identificación individual no documento de traslado dos animais ata o 31 de decembro de 2011.

3. Para os animais nados despois do 31 de decembro de 2009 non será obrigatoria a indicación do código de identificación individual no documento de traslado ata o 31 de decembro de 2010.»

Cinco. O anexo I modifícase como segue:

a) O número 2 da alínea A substitúese polo seguinte:

«2. Os brincos constarán de dúas pezas impresas, macho e femia, de plástico flexible na súa totalidade, excepto a punta da hasta do macho que será de aliaxe metálica resistente á oxidación. Os materiais en contacto co animal deberán ser biocompatibles.»

b) As alíneas C, D, E, F, G e H substitúense polos seguintes:

«C. Características xerais dos identificadores electrónicos.

1. Os identificadores electrónicos deberanse axustar ao cumprimento das normas UNE-ISO 11784:2004, UNE-ISO 11784:2004/A1:2005, UNE-ISO 11785:2005 e UNE 68402:2005 (ou algunha equivalente a esta última), e as posteriores modificacións de cada unha.

2. A estrutura do código do transpondedor e do código de identificación animal será a prevista no anexo III.

3. Tratarase de transpondedores pasivos, só de lectura, que utilicen tecnoloxía HDX ao FDX-B.

4. Deberán ser lexibles por medio de equipamentos e dispositivos de lectura correspondentes á norma UNE-ISO 11785:2005 e aptos para a lectura de transpondedores HDX e FDX-B.

5. As distancias de lectura deberán ser:

a) Para as marcas auriculares e marcas nas cuartelas dun mínimo de 12 centímetros, no caso de lectores portátiles

b) Para os bolos ruminais e os transpondedores inxectables dun mínimo de 20 centímetros, no caso de lectores portátiles

c) Para todos os tipos de identificadores electrónicos dun mínimo de 50 centímetros, no caso de lectores fixos.

D. Características específicas do bolo ruminal.

1. O bolo ruminal deberá estar formado por un corpo que conteña un transpondedor no seu interior. Os elementos antes indicados deberán estar formando un todo. Para efectos de seguranza de lectura e para evitar sinais equivocados producidos por corpos estraños, no diagnóstico non deberán existir elementos metálicos como lastre.

2. Descrición dos elementos:

Corpo: o corpo deberá estar formado por unha peza cilíndrica ou ovalada de superficie lisa e bordos arredondados fabricado con material de alto peso específico. Deberá posuír unha cavidade en que poderá ser aloxado o transpondedor. A cavidade que contén o identificador electrónico e o seu orificio de entrada deberán estar selados de forma segura, con material atóxico e resistente ás accións dixestivas dos ruminantes, para evitar a posible saída e consecuente perda do identificador electrónico do corpo. O corpo caracterizarase por non conter ningún elemento magnético ou metálico.

As medidas da peza serán:

- Lonxitude: 65-75 mm.
- Diámetro: 19-23 mm.
- Peso: 68-85 g.

Non obstante, poderanse utilizar modelos con calquera outra combinación de lonxitude, diámetro e peso, como é o caso dos chamados «minibolos», que aseguren un adecuado funcionamento do identificador. Para estes efectos, entenderase que un identificador ten un funcionamento adecuado nos animais de que se trate cando asegure unha porcentaxe mínima de retención do 98% no primeiro ano e unha porcentaxe mínima de éxito de lectura dinámica do 95%. Estes parámetros de funcionamento, ou equivalentes, poderanse demostrar utilizando os protocolos recoñecidos polo Comité Español de Identificación Electrónica dos Animais (CEIEA) ou calquera outro método recoñecido polo Centro Común de Investigación da Comisión Europea ou por outro organismo recoñecido internacionalmente, que ofrezca garantías equivalentes.

Transpondedor: deberá ser de tipo pasivo (sen batería), capaz de ser activado mediante radiofrecuencia e de lerse de forma correcta a través de calquera material non metálico. Deberá estar en conformidade coas normas UNE-ISO 11784:2004 e UNE-ISO 11784:2004/A1:2005, relativa á estrutura do código de identificación contido na súa memoria, UNE-ISO 11785:2005, relativa á metodoloxía de intercambio de información co lector, así como conforme a norma UNE 68402:2005 ou o seu equivalente, relativa aos requisitos do material, e as súas posteriores modificacións.

O identificador electrónico que se reciba por parte do usuario final deberá ser de lectura soamente. O material envolvente do transpondedor deberá ser biocompatible e que asegure a estanquidade do identificador electrónico, de acordo co sinalado na Norma UNE 68402:2005 ou o seu equivalente

E. Características específicas do identificador electrónico inxectable.

1. Un identificador inxectable aplicado na cara plantar do metatarso enriba do espazo interdixital e na dirección vertical descendente ou dirección dorso ventral da extremidade traseira esquerda, que deberá cumprir as características dos identificadores electrónicos definidas na alínea C deste anexo. Cando o identificador electrónico non se poida recuperar ou retirar dun animal sacrificado para o consumo humano, tal como establece o artigo 6 número 4, o veterinario oficial do matadoiro declarará a carne ou parte da canal que conteña o transpondedor como non apta para o consumo humano, de conformidade co anexo I, sección II, capítulo V, punto 1, alínea n), do Regulamento (CE) N° 824/2004 do Parlamento Europeo e do Consello.

2. Descrición dos elementos: o inxectable estará composto por un transpondedor encapsulado en material biocompatible e que asegure a estanquidade deste, de acordo co sinalado na Norma UNE 68402:2005 ou o seu equivalente. Deberá ser de tipo pasivo (sen batería), capaz de ser activado mediante radiofrecuencia e de lerse de forma correcta a través de calquera material non metálico. Deberá estar en conformidade coas normas UNE-ISO 11784:2004 e 11784:2004/A1:2005 relativa á estrutura do código de identificación contido na súa memoria, UNE-ISO 11785:2005, relativa á metodoloxía de intercambio de información co lector, así como conforme a norma UNE 68402:2005 ou o seu equivalente, relativa aos requisitos do material, e as súas posteriores modificacións.

O identificador electrónico que se reciba por parte do usuario final deberá ser de lectura soamente. As dimensións dos inxectables serán como mínimo 15 mm de lonxitude.

3. O inxectable deberase presentar de forma conxunta cun brinco visual, nun paquete de identificación. Neste último caso, o código impreso no brinco será o mesmo que contén o dispositivo electrónico, coa diferenza de que o código de país será ES no brinco visual, e 724 no dispositivo electrónico (segundo a Norma UNE-EN-ISO 3166-1:2007 e UNE-EN-ISO 3166-1:2007/AC:2008). As características técnicas destes brincos serán as establecidas na alínea A deste anexo, a excepción da cor das pezas macho e femia que serán de cor laranxa RAL 1028.

F. Características específicas da marca electrónica na quartela.

1. A marca electrónica na quartela ou pulseira electrónica consistirá nunha banda plástica de bordos romos, cun sistema de peche inviolable que garanta a súa permanencia sobre o animal, fabricada de material inalterable, a proba de falsificacións, non reutilizable, cunha forma que permita permanecer suxeito ao animal sen mancalo, facilmente visible a distancia e durante toda a vida do animal.

2. A aplicación deberase realizar na extremidade posterior dereita por riba da rexión do pexadoiro, rodeando na súa totalidade a rexión da canela. Deberá,

ademais, ofrecer diversas posibilidades de axuste en tamaño para permitir a súa aplicación en diversas razas e grupos de idade.

3. O dispositivo deberá permanecer fixado sobre a extremidade do animal durante toda a súa vida. En caso de que teña que ser substituído, as autoridades competentes serán as encargadas de determinar como se realizará este cambio.

4. Os materiais en contacto co animal deberán ser biocompatibles.

5. Descrición dos elementos:

Banda: a peza deberá consistir nunha cinta fabricada en material termoplástico de alta flexibilidade. A cor será amarela cor RAL 1016 estable aos raios ultravioletas. Presentará escudo constitucional por inxección cunhas dimensións máximas de 7 x 7 mm. e indicación da data de fabricación a través dun datador na matrizaría.

Sistema de peche: o sistema de peche deberá ser permanente e inviolable e poderá formar parte da banda ou tratarse dun sistema independente. A cor será amarela cor RAL 1016 e estable aos raios ultravioletas. Poderá ter un sistema de peche doutra cor. En caso de tratarse dunha peza independente, deberá presentar o mesmo código de identificación que a banda; este estará impreso por láser, cun contraste mínimo do 74% negro. Presentará ademais o escudo constitucional por inxección cunhas dimensións máximas de 7 x 7 mm e indicación da data de fabricación a través dun datador na matrizaría.


A forza de separación do conxunto será como mínimo de 25 kg, o 98% dos test presentarán unha forza de ruptura superior a 25 kg e o 90% presentarán un modo de ruptura non reutilizable. As probas para medir esta forza de separación axustaranse ás normas da serie UNE-EN-ISO 527.

O transpondedor, que portará o código da identificación electrónica animal, poderase encontrar aloxado en calquera das dúas pezas, sempre e cando se asegure a súa inviolabilidade. As características técnicas do transpondedor especificanse na alínea C.

Medidas da peza: as medidas da peza serán as seguintes:

- Lonxitude total do dispositivo: 160 -200 mm
- Largura media da banda: 30 – 40 mm
- Grosor medio da banda: 1,5 - 4 mm. Excepcionalmente, aceptaranse grosos fóra deste rango, para porcións terminais, peches e/ou reforzos estruturais.
- Perímetro interior mínimo: 100 mm
- Perímetro interior máximo: 180 mm

As seguintes imaxes son orientativas e a súa representación non entraña ningunha obriga de deseño ou fabricación.



LEENDA

- Lonxitude total: a
- Largo da banda: b
- Grosor da banda: c
- Perímetro interior: d

6. Características físicas do material:

A pulseira debe reunir as seguintes características:

- Identificación do material: poliuretano.
- Dureza mínima do material: 85 unidades Shore-A (ou equivalente noutra escala).
- Densidade: 1,10-1,23 g/cm³
- Alongamento á rotura: 410-585%
- Valor de tensión a 20%: 45-133 kg/cm²
- Valor de tensión a 100%: 85-204 kg/cm²
- Valor de tensión a 300%: 160-419 kg/cm²
- Resistencia de rotura: 90-165 Newton
- Resistencia á abrasión: 20-45 mm³
- Resistencia á tracción: 415-585 kg/cm²
- Forza de separación: mín.25 kg
- Peso total do dispositivo: máx. 30 g
- Resistencia da impresión: o texto debe de ser lexible tras 450 ciclos de abrasión e tras tres semanas de inmersión en axentes químicos.
- Medida do contraste de impresión: o contraste final do texto tras 450 ciclos de abrasión ou tres semanas de inmersión en axentes químicos será maior do 30%.

As probas ou ensaios para a medición dos valores solicitados deberán estar en consonancia coas seguintes normas:

- Dureza Shore-A: UNE-EN ISO 868/2003.
- Densidade gr/cm³: UNE 53.526/2001 Método A.
- Resistencia á tracción: UNE 53.510/2001.
- Resistencia á esgazadura: UNE 53.516-2/2002.
- Resistencia á abrasión: UNE 53.527/91 Método A.
- Identificación do polímero: UNE 53.633/91.
- Resistencia á abrasión da impresión: ISO 9352.

- Resistencia a axentes químicos da impresión: ISO 2812
- Medida do contraste de impresión: UNE EN ISO 20105

7. Para poder verificar o cumprimento das características do material expostas no punto anterior, o fabricante deberá presentar:

- Unha declaración de conformidade do seu produto coas normas anteriores e os ensaios descritos.
- Un expediente técnico emitido por un laboratorio independente de ensaio acreditado de forma pertinente para este tipo de ensaios segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025.

Non obstante, o fabricante poderá demostrar o cumprimento dos requisitos anteriores mediante certificación por un organismo convenientemente acreditado.

8. A pulseira levará impreso en ambas as pezas, se as houber, de forma indeleble o código de identificación do animal. O código disporase en dúas liñas, podendo ser a primeira perpendicular ao eixe maior. A primeira liña estará formada polas letras «ES», (segundo a Norma UNE-EN-ISO 3166) seguidas polos dous primeiros díxitos do código representativos de comunidade autónoma. A segunda liña estará formada polos seguintes dez díxitos de identificación individual. A impresión será por láser, cun contraste mínimo do 74% negro e cunha separación mínima entre caracteres de 1 mm. O tamaño de fonte mínimo será de 12 mm de altura para a primeira liña e 8 mm de altura para a segunda.

9. Adicionalmente, o aveso da banda poderá conter un código de barras ou calquera outra información complementaria, sempre que isto non afecte a lexibilidade do código de identificación.

10. A marca electrónica na cuartela deberase presentar de forma conxunta cun brinco visual, e constituír un paquete de identificación. Neste último caso, o código impreso no brinco será o mesmo que contén o dispositivo electrónico, coa diferenza de que o código de país será ES no brinco visual, e 724 no dispositivo electrónico (segundo a Norma UNE-EN-ISO 3166). As características técnicas destes brincos serán as establecidas na alínea A deste anexo.

G. Características específicas da marca auricular electrónica.

1. A marca auricular consistirá nun brinco tipo botón-botón de cor amarela, fabricado de material inalterable, a proba de falsificacións, non reutilizable, cunha forma que lle permita permanecer suxeito ao animal sen danalo, facilmente visible a distancia e durante toda a vida do animal. Serán capaces de ser aplicados na orella do animal cun aplicador único que permita colocar tanto o brinco visual como o brinco electrónico.

2. Os brincos constarán de dúas pezas impresas, macho e femia, de plástico na súa totalidade, excepto a punta da hasta do macho, que será de aliaxe metálica resistente á oxidación. A cabeza da femia será pechada. A punta da hasta introducirase no oco existente na femia e axustarase de forma que non sobresaia do seu colo. A aplicación realizarase no animal por medio dunhas tenaces de aplicación semiautomática, de forma que queden as dúas pezas unidas, sendo imposible a súa separación.

3. En calquera caso, tanto as pezas macho como as femia disporán dun sistema que permita unha máxima rotación, que en ningún caso poderá ser excéntrica, permita aireación e evite a reutilización de calquera das dúas pezas. Así mesmo, os materiais en contacto co animal deberán ser biocompatibles.

4. Descrición dos elementos:

Peza femia: a peza deberá ser de tipo «botón» e estar fabricada en material termoplástico (poliuretano), inviolable e de cabeza pechada. Non elástico. Permitirá unha máxima rotación e aireación. A cor será amarela cor RAL 1016, permitíndose

como excepción outra coloración para a cabeza de seguranza, e sendo estables ambas as cores aos raios ultravioletas. Presentará escudo constitucional por inxección cunhas dimensións máximas de 7×7 mm e indicación da data de fabricación a través dun datador na matrizaría. Esta peza conterá o transpondedor inviolable que levará o código da identificación electrónica animal. As características técnicas do transpondedor especificanse na alínea C.

As medidas da peza femia serán:


- Diámetro externo da peza: 20-34 mm
- Espesura: 4-7 mm
- Diámetro externo da cabeza: 8-13 mm.
- Estanquidade do compartimento destinado ao transpondedor 100 %.

Peza macho: a peza deberá ser tipo «botón» e estar fabricada en material termoplástico de alta flexibilidade, inviolable. Non elástico. A cor será amarela RAL 1016 e estable aos raios ultravioletas. Presentará escudo constitucional por inxección cunhas dimensións máximas de 7×7 mm e indicación da data de fabricación a través dun datador na matrizaría. A hasta finalizará nunha punta cónica de aliaxe metálica resistente á oxidación. As medidas da peza macho serán:

- Diámetro exterior da peza: 20-34 mm.
- Espesura: $1 \pm 0,25$ mm.
- Diámetro do vástago: 4,5-7,4 mm.

A distancia entre as pezas femia e macho deberá ser polo menos de 9,5 mm e o peso máximo do conxunto (peza femia + peza macho) será de 8,5 g.

As seguintes imaxes son orientativas, a súa representación non entraña ningunha obriga de deseño ou fabricación.



5. Características físicas do material:

O brinco debe reunir as seguintes características:

- Identificación do material: poliuretano
- Dureza mínima do material: 85 unidades Shore-A (o equivalente noutra escala)
- Densidade: 1,10-1,23 g/cm³
- Alongamento á rotura: 410-585%
- Valor de tensión a 20%: 45-133 kg/cm²
- Valor de tensión a 100%: 85-204 kg/cm²
- Valor de tensión a 300%: 160-419 kg/cm²
- Resistencia de rotura: 90-165 Newton
- Resistencia á abrasión: 20-45 mm³
- Resistencia á tracción: 415-585 kg/cm²
- Forza de separación: mín. 25 kg
- Peso de ambas as pezas: máx. 8,5 g
- Resistencia da impresión: o texto debe ser lexible tras 450 ciclos de abrasión e tras tres semanas de inmersión en axentes químicos
- Medida do contraste de impresión: o contraste final do texto tras 450 ciclos de abrasión ou tres semanas de inmersión en axentes químicos será maior do 30%.

As probas ou ensaios para a medición dos valores solicitados deberán estar en consonancia coas seguintes normas:

- Dureza Shore-A: UNE-EN ISO 868/2003.
- Densidade g/cm³: UNE 53.526/2001 Método A
- Resistencia á tracción: UNE 53.510/2001
- Resistencia á esgazadura: UNE 53.516-2/2002
- Resistencia á abrasión: UNE 53.527/91 Método A
- Identificación do polímero: UNE 53.633/91
- Resistencia á abrasión da impresión: ISO 9352
- Resistencia a axentes químicos da impresión: ISO 2812
- Medida do contraste de impresión: UNE EN ISO 20105

6. Para poder verificar o cumprimento das características do material expostas no punto anterior, o fabricante deberá presentar:

- Unha declaración de conformidade do seu produto coas normas anteriores e os ensaios descritos.
- Un expediente técnico emitido por un laboratorio independente de ensaio acreditado de forma pertinente para este tipo de ensaios segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025.

Non obstante, o fabricante poderá demostrar o cumprimento dos requisitos anteriores mediante certificación por un organismo convenientemente acreditado.

7. O brinco (tanto a peza femia como a peza macho) levará impreso en ambas as pezas, de forma indeleble, o mesmo código de identificación do animal. O código disporase impreso nunha soa liña adaptada á forma do brinco, en paralelo ao bordo exterior e ocupando como máximo a metade da circunferencia total. Estará formado polas letras «ES», (segundo a Norma UNE-EN-ISO 3166) seguidas polos dous díxitos do código representativos de comunidade autónoma e os seguintes dez díxitos de identificación individual. A impresión será por láser, cun contraste mínimo do 74% negro e cunha separación mínima entre caracteres de 1mm. O tamaño de fonte mínimo será de 4mm de altura.

8. Adicionalmente, o aveso da peza macho poderá conter calquera outra información complementaria, sempre que isto non afecte a lexibilidade do código de identificación.

9. A marca auricular electrónica deberase presentar de forma conxunta cun brinco visual e constituír un paquete de identificación. Neste último caso, o código

impreso no brinco será o mesmo que contén o dispositivo electrónico, coa diferenza de que o código de país será ES no brinco visual, e 724 no dispositivo electrónico (segundo a Norma UNE-EN-ISO 3166). As características técnicas destes brincos visuais serán as establecidas na alínea A deste anexo.

H. Características técnicas dos aplicadores semiautomáticos de brincos (tenaces).

1. Para colocar os brincos visuais utilizaranse aplicadores semiautomáticos (tenaces) de metal lixeiro, que facilite o seu uso, con agulla de punta roma incorporada e intercambiable. O fabricante deberá subministrarse con cada aplicador unha agulla de recambio.

2. As tenaces serán preferentemente universais e poderán servir para utilizar noutras especies animais, sendo recomendable que as tenaces leven a indicación de fabricante, co obxecto de asegurar a eficacia da relación brinco-tenaces, e optimizar a aplicación dos brincos.»

c) Engádense as alíneas I, J e K, co seguinte contido:

«I. Características técnicas das pistolas dosificadores para a aplicación de bolos ruminais.

As pistolas dosificadores deberán reunir as seguintes características:

- Permitir unha correcta suxeición do bolo para a súa aplicación.
- Ser fáciles de manexar e fabricadas con material resistente.
- Posuír un peso non superior aos 450 g.
- Estar deseñadas de maneira que se minimice o risco de inflixir feridas ao animal, evitando bordos cortantes ou o uso de materiais que acaben dexenerando en procesos de estelamento ou similares, que poidan producir lesións no proceso de aplicación.

J. Características técnicas dos dispositivos para a aplicación de inxectables.

Os dispositivos para a aplicación de inxectables deberán presentar as seguintes características:

- Permitir unha correcta suxeición do inxectable para a súa aplicación.
- Ser fáciles de manexar e fabricados con material resistente.
- Estar deseñados de maneira que se minimice o risco de inflixir feridas ao animal, evitando o uso de materiais que acaben dexenerando en procesos de estelamento ou similares, que poidan producir lesións no proceso de aplicación.
- O sistema de aplicación debe minimizar o risco de infeccións relacionadas coa aplicación mediante aseguramento da esterilidade do inxectable ou o emprego de desinfectantes.

K. Características técnicas dos lectores de radiofrecuencia.

Os lectores de radiofrecuencia, en calquera das súas modalidades, deberán cumprir cos requisitos establecidos nas normas UNE-ISO 11785:2005, e UNE 68402:2005 ou o seu equivalente, e as posteriores modificacións de cada unha delas.

Poderanse utilizar lectores dos seguintes tipos:

1. Lectores de radiofrecuencia de man: lector non integrado en ningunha instalación, que contén en si mesmo todos os elementos necesarios para a súa utilización autónoma, coas características de tamaño e peso adecuadas para permitir o seu transporte e utilización manual. Deberá mostrar en pantalla o código completo do transpondedor. É recomendable que conte con conexión con antena accesoria externa ou con dispositivo de xestión de información, que funcione con

baterías recargables, que o seu peso sexa reducido e que conteña un teclado alfanumérico con posibilidade de introducir e almacenar datos na memoria.

2. Lectores de radiofrecuencia fixos: lector destinado a ser instalado nunha localización con carácter fixo e permanente ao non se prever ningún desprazamento dos dispositivos electrónicos nin dos posibles complementos que compoñen este lector. O fabricante deberá sinalar que tipos de xestores de datos require ou permite o sistema.

3. Lectores de radiofrecuencia transportables: lector destinado a ser instalado como fixo con carácter temporal, que se pode desinstalar e transportar a outro lugar para realizar a súa función como fixo en distintas localizacións. O fabricante deberá sinalar que tipos de xestores de datos require ou permite o sistema.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de setembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA.